

Carta do Presidente



Queridos mutualistas;

É para min unha honra dirixirme a todos vostedes, por primeira vez dende a miña designación como Presidente da Xunta Directiva de Mutua Gallega, para informarles e render contas públicas da nosa actividade destacando os principais fitos da evolución e resultados do pasado ano 2010.

Adiántolles que, malia a vérmonos nun contorno caracterizado pola crise internacional e a incerteza económica que planeou sobre a economía española, os resultados de Mutua Gallega resultaron positivos.

Por iso, quixera comezar agradecendo, no meu nome e no de toda a Xunta Directiva, o labor desempeñado polo meu antecesor no cargo Pedro Tomé, o cal culminou con éxito ao permitir obter os resultados favorables que hoxe lles presentamos.

Como apuntaba con anterioridade, o 2010 foi un ano difícil dende o punto de vista económico. A economía do noso país decreceu un 0,1% do PIB segundo os datos facilitados polo Banco de España. Innumerables empresas de diversos ámbitos de actividade tiveron que pechar as súas portas, coa conseguinte e lamentable perda de postos de traballo, o que fixo medrar a taxa de desemprego por enriba do 20%.

Esta situación económica desfavorable tivo o seu reflexo no descenso de afiliación de traballadores á Seguridade Social que na nosa entidade representou interanualmente un -2,19 % fundamentalmente de sectores como o da construción e hostalaría.

A pesar diso esta situación non provocou un descenso significativo dos ingresos por cotas de Seguridade Social xeradas, fundamentalmente, polas resolucións favorables da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, recaídas sobre o suplemento financeiro por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns do exercicio 2009, e do exercicio que hoxe rendemos do 2010, por importe de 3.4 millóns de euros, como consecuencia de incrementar suficientemente as porcentaxes de cobertura da poboación por conta allea das empresas asociadas na prestación económica derivada de enfermidade común e accidente non laboral, con respecto ás que, a 31 de decembro do exercicio anterior tiñamos protexidas en continxencias profesionais.

Aínda cando as perspectivas a medio prazo seguen a ser dunha certa contención do crecemento da economía española, Mutua Gallega considera que aínda ten marxe de mellora na xestión das prestacións ás que dá cobertura na busca sempre dunha excelente calidade na dispensa destas.

Por iso se continúa avanzando na obtención de mellores resultados apoiando a nosa estratexia de mellora na xestión por procesos EFQM de excelencia empresarial que permitiu que ata a data, e enmarcados no Plan Estratéxico 2009-2012 da nosa entidade, se constituísen equipos de procesos e subprocesos que engloban diversas áreas de actividade da Mutua e no que participan un número aproximado de empregados implicados próximo ao centenar.

Esta implicación xera ilusión e compromiso co día a día da nosa actividade orientando sempre o esforzo á satisfacción do usuario, os resultados, a Calidade con maiúsculas e a solvencia da Mutua.

Mutua Gallega, con todo iso, mantivo un excelente nivel de solvencia obtendo un resultado economicamente positivo de 3,2 millóns de euros que conforme á recente resolución do 20 de xuño de 2011 da Secretaría de Estado da Seguridade Social deben ser ingresados no mesmo momento da rendición e aprobación de contas anuais na conta especial aberta no Banco de España a disposición do Ministerio de Traballo e Inmigración e a nome da Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Unha vez se determine regulamentariamente a aplicación deste resultado devolverase de novo á Mutua.

Como factor negativo na xestión propia da nosa entidade, poderíamos salienta o desfavorable comportamento que tivo o capítulo referido aos capitais custo renda, consecuencia da capitalización, por parte desta mutua, de prestacións por incapacidade permanente ou de prestacións por morte en accidente de traballo ou derivadas de enfermidade profesional, o que provocou o ingreso á Tesouraría Xeral da Seguridade Social duns 38 millóns de euros, diminuíndo a rendibilidade da continxencia profesional.

Para reconducir esta desviación debo indicar que se adoptaron inmediatamente medidas e habilitaron mecanismos que permitan un mellor comportamento desta continxencia que favoreza mellores resultados a curto e medio prazo.

Segue a ser absolutamente necesario manter unha política de contención do gasto, implementando plans de aforro na busca de vantaxes económicas competitivas favorecidas pola transparencia na licitación pública de bens e servizos á que estamos obrigados por imperativo da Lei de Contratos do Sector Público.

Debemos, así mesmo, facer mención da nosa intención de dar pleno contido a dúas novas prestacións introducidas normativamente o pasado ano 2010, relativas á protección económica por cesación de actividade do traballador autónomo e á do coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave sendo todo iso un síntoma da confianza do sistema público de Seguridade Social cara ás Mutuas na eficiencia na xestión das prestacións a curto prazo.

Con todo isto, confiamos en que durante o ano 2011, no que estamos inmersos, os poderes públicos poñan en marcha as reformas necesarias e se continúen afrontando os procesos de axuste precisos para que, deste xeito, a nosa economía solidifique unha pronta recuperación e, sumando o esforzo de todos, aumente a confianza favorecendo o crecemento.

Antes de rematar é preciso facer mención ao afondamento nas relacións establecidas con Corporación Mutua da que, como saben, formamos parte, e con todas as entidades que forman parte dela, a través da que se presegue a posta en común de modelos de xestión, prestación de servizos recíprocos e promoción da utilización conxunta de centros, o que redunda nunha maior eficiencia e, consecuentemente, na redución de custos.

Finalmente, no convencemento máis profundo de que as persoas son a base do desenvolvemento futuro da empresa, desexo agradecer sinceramente a todos os empregados e colaboradores de Mutua Gallega o seu enorme compromiso e profesionalidade, a súa eficiencia e proximidade, animándoos a seguir ofrecendo calidade nos nosos servizos e a orientar a nosa xestión cara a resultados positivos.

Grazas señoras e señores mutualistas pola confianza depositada un ano máis nesta excelente entidade e por acompañarnos firmemente no noso camiño cara ao futuro do mutualismo facendo de Mutua Gallega unha mutua comprometida coa sociedade e consolidada no sector.

Os meus máis sinceros saúdos,

José Fariña Varela